

# altamira



*Revista informativa do Concello de Brión*

ANO IV

XANEIRO-89

Nº 12



- DANIEL PINO VICENTE: Urbanista responsable das Normas de Planeamento
- VICENTE SALVADO MARTINEZ: O mosteiro de Toxosoutos
- O PRESUPOSTO MUNICIPAL: Construcción dun polideportivo cuberto
- DIVULGACION: Problemas sanitarios das augas negras
- O XORNAL VERDE: Carta a un amigo cazador

## SUMARIO

**Editorial:** No remate da década

**Entrevista:** Daniel Pino Vicente

**Lembranzas:** Vicente Salvado Martínez e o mosteiro de Toxo-soutos

**Dossier:** O presupuesto municipal de 1989

**Noticieiro**

**Divulgación:** Problemas Sanitarios das augas negras

**Pasatempos**

**O Xornal Verde:** Carta a un amigo cazador

**Director:**

Xoan R. Pais Andrade

**Consello de Redacción:**

Manuel Vidal Cajuso

Afrodicio J. Montero Vieites

Xosé Freire Caamaño

Xácome Pérez Paz

Dora Mirá Pérez

Luciano Pena Andrade

Maria Xosé Moldes Pose

Xosé Caramés Vázquez

## EDITORIAL

### NO REMATE DA DECADA

1989: fin dunha década e principio de outra.

Volve-la vista atrás é un san exercicio, porque o pasado é coma un interior (as cousas que pasan ó noso arredor sempre nos afectan de algúin xeito e quedan dentro e van con nós).

Remoendo no que foron os anos oitenta, poderíamos enumerar aquí os feitos relevantes; pero isto xa o fan á súa comenencia os voceiros dos gobernos de turno, para louvarnos o que foi bo e tapa-lo que foi malo ou menos bo. Non cabe dúbida de que os anos oitenta coñeceron feitos importantes na vida do gran mundo e tamén na do noso pequeno mundo, que a uns nos influirían para ben e a outros para mal... e habería a quien non lle influiron para nada, porque andan no mundo por andar. Isto último xa é visto que non vale, porque as persoas, por seren persoas temos que andar co corazón aberto ás dimensións do mundo e nada do que nel pase nos debería de ser alleo.

Reflexionar sobre o pasado (e que non cunda o pesimismo) e tamén reflexionar no futuro... esa nova década dos noventa que está á porta anunciando o cambio de século.

Sí, lector, máis que lector, veciño, porque ALTAMIRA quere ser un pouco de todos. Os anos noventa van se-lo turno dos individuos: dentro desta década vaise produci-la integración completa do noso país no Mercado Común e obrigarános a cambia-lo paso "de entero" que levamos tradicionalmente polo paso "de marcha" que nos imponerán o resto dos países. Porque o Mercado é competitividade, ás veces demasiado crúa.

Por iso aquí ALTAMIRA ergue a voz para que esteas eleuto e preparado. Pero sen medo.



## DANIEL PINO VICENTE: Urbanista responsable das normas de Planeamento

DANIEL PINO VICENTE é un home de mediana idade, natural de Forcadela (Baixo Miño) na provincia de Pontevedra. Ainda que ten estudos de Socioloxía e Economía, declárarse de profesión URBANISTA: "O urbanismo como disciplina independente é unha ciencia moi recente, praticamente deste século. Xurde co crecemento acelerado das cidades e basicamente orientado a resolver problemas de tipo sanitario. A pesares da súa recente denominación como ciencia nova, o deseño das cidades (principal cometido do urbanismo) é unha actividade antiquísima que se veu practicando por moitas culturas anteriores á nosa".

Dende o ano 1978 é o Director da empresa CONSULTORA GALEGA, con sé na cidade de Pontevedra, na que se encontran agrupados distintos profesionais adicados ós traballos de arquitectura, enxeñería, urbanismo e estudios socioeconómicos: "Antes de fundar esta empresa —explican— cada un de nós facía o seu traballo por separado. Logo, cando se empezou a vislumbrar o cambio político, supuxemos, acertadamente, que tódolos Concellos, tarde ou cedo, terían que encarar os temas de Planeamento e Urbanismo e decidimos traballar conxuntamente nunha mesma empresa".

En Galicia, como no resto de toda España, a primeira Lei que obriga a facer Planificación Urbana data do ano 1956 e xa nace desfasada e obsoleta, a pesares de que era unha época en que España estaba moi anquilosada. O comezo dos anos 60, España enteira entra nun proceso de desenrollo acelerado e crecemento económico que deixa a esta primeira Lei totalmente arcaica e, polas lagoas en moitos puntos da súa normativa, vanse producir numerosos trastornos.

No ano 1973 —expón Daniel Pino, visiblemente afectado— xurde a primeira crise ó ver como se estaba praticamente destrozando toda España. En pouco máis de dez anos asistese imperturbablemente a unha destrucción de patrimonio urbano nacional, como consecuencia da expansión económica e falta dun regulamento adecuado, moi superior ós destrozos ocasionados pola guerra nas cidades europeas. Como consecuencia dos evidentes desmáns

**A** realidade galega careceu ata hai moi pouco de ningún tipo de Normas de Planeamento"

urbanísticos, son as propias Cortes franquistas quen toman a iniciativa de someter a revisión esta primeira Lei do Solo do ano 1956".

No ano 1976, publicase no Boletín Oficial do Estado un texto refundido e corrixido que recolle as leis do Solo do ano 1956 e a revisión do ano 1975 dessa mesma Lei, vixente na actualidade, e na que se senta o principio básico, tan necesario para un equilibrio urbanístico, de que "O desenrollo tiña que prever tódalas necesidades e dotacións de servicios e saneamentos así como garantizar que tódalas persoas reciban proporcionalmente as mesmas cargas e beneficios". ¿De qué instrumentos se vale esta Lei para aplicar este principio?

—Os peares técnicos que farán realidad este principio serán: primeiro, a clasificación do solo; e segundo, a creación de espacios denominados como solos URBANIZABLES. Con este estudio previo, a Lei pretende que, se unha Comunidade ten que crecer, creza dun xeito equilibrado. Logo, ademáis, toda actividade promotora ten que facerse resolvendo de antemán o que necesariamente xurdirá como necesidades de tipo sanitario, deportivo, saneamento, ensino, etc.

Nos anos sesenta e setenta, en toda España, pero sobre todo na costa mediterránea (debido ó crecente interese turístico) e nas grandes urbes, (motivado pola escasez de solo urbanizable que disparou un rápido proceso especulativo,) asistiuse impasible a un expansionismo constructor que deu orixe ás maiores aberracións urbanísticas en cidades que, como no caso das capitales galegas, eran depositarias dun rico patrimonio arquitectónico e dunha tradición urbana equilibrada. ¿Cómo vai corrixir a actual Lei do solo do ano 1976, todos estes desmáns que se queren presentar como os logros dos anos do desenrollo, ainda que más ben parecen que foron todo o contrario?

—A anterior Lei do solo do ano 1956, permitía crecer a base de pequenos plans parciais que non tiñan para nada en conta todo o resto do espacio construído. A actual Lei obriga a que cada Concello disponga dunhas NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO cun plantexamento xeral no que estea incluido todo o término municipal como mínimo. Coa antiga Lei tampouco se facía unha previsión de necesidades, polo que despois a carga das mesmas revertía en tódolos cidadáns, cando os que se beneficiaban a base das plusvalías dos terreos e dos edificios eran uns poucos. Esto trouxo como consecuencia a formación de grandes fortunas en moi poucos anos.

En Galicia preto dun setenta por cen das persoas ainda viven no medio

## Entrevista

rural. Toda a lexislación, incluída esta última do ano 1976, está pensada para facilita-lo crecemento das grandes cidades polo que, respecto á realidade rural galega, presenta numerosas lagoas. ¿Cómo se está a resolver na actualidade este serio problema?

—En xeral a realidade galega é moi deprimente, pois careceu ata hai moi pouco de ningún tipo de Planeamento. Na actualidade, curiosamente, ainda carecen de Normas de Planeamento as

**A raíz da Autonomía, a Consellería de Ordenación Territorial fixo un gran esforzo para que tódolos municipios dispuxesen de Normas de Planeamento”**

principais cidades (Pontevedra, Ourense, Santiago...). Nas vilas e municipios, só un dez por cento disponía de simples delimitacións de zona urbana; o resto nada.

Á raíz da Autonomía, a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (C.O.T.O.P.) fixo un gran esforzo para que tódolos municipios galegos dispuxesen de Normas de Planeamento. Na actualidade, a metade dos Concellos disponen deles, e outro coarenta por cen ténenas en trámite. Só queda un dez por cento de Concellos, dos más atrasados, que carecen ainda dalgún tipo de planificación. O COTOP segue a facer cada ano un importante esforzo promovendo axudas destinadas a elaboración destas Normas nos Concellos que faltan.

No que respecta ó aspecto puramente técnico do problema plantexado, comezouse por crear un Plan de protección para zonas de monumentos. Logo, no capítulo da catalogación do solo, a Lei establecía só dous tipos: Urbanizable e non urbanizable, presentando este último como algo residual e de pouca importancia, cando, casualmente, viña a ser o solo más importante de Galicia, adicado á principal actividade económica, a agricultura. Para suprir esta deficiencia, que parecía que restaba importancia ó solo non urbanizable, cambiouse a denominación como algo residual, por outra más positiva e dacordo coa nosa realidade, chamándolle SOLO RURAL.

Finalmente tratouse de recoller e protexer algo tan característico da nosa realidade como son os núcleos rurais de poboación ou lugares, dotándolos nas Normas de Planeamento dun tratamento especial. Todo este esforzo quedou finalmente recollido na Lei Galega de adaptación da do solo a Galicia do ano 1985.

A distribución da poboación galega foi tradicionalmente dispersa en moitos núcleos de poboacións pero organicamente relacionados. Este modelo que incluía a preto de trinta e dúas mil entidades de poboación organizados en base a seis ou sete modelos básicos, deu probas durante milenios de ser útil e adecuado á nosa realidade. ¿Cómo afectou a Galicia o fenómeno do desarrollismo das dúas últimas décadas?

—Os prexuzos que o desarrollismo ocasiona a Galicia son múltiples e moi variados, afectando dunha maneira máis negativa ás zonas atlánticas por se-las más dinámicas. En primeiro lugar, houbo un cambio brusco do modelo por ti exposto, pero para mal: o hábitat tradicionalmente disperso pasou a ser un hábitat totalmente diseminado e espallado, sen gardar relacións uns núcleos de poboación con outros. Esta ocupación anárquica do territorio trae consigo unha perda importante de recursos e unha adulteración do medio natural. En segundo lugar, asistimos a un auténtico cescado de casas ó longo das vias de rodamento facendo das vias de comunicación necesitadas de fluidez, auténticas travesías que dificultan o transporte e limitan a actividade económica. Finalmente, asentouse a falta de conciencia da necesidade de abrir camiños e rúas que permitan o crecemento lateral dos núcleos de poboación asentados nas principais vías de comunicación, ocasionando un auténtico TERRITORICIDIO: as consecuencias estarémolas a pagar durante moitos anos.

A presentación e aprobación das Normas Subsidiarias de Planeamento de Brión foron un fito en toda Galicia, tanto pola claridade técnica como polo exhaustivo do seu estudio preliminar, merecen a felicitación da Comisión provincial. ¿Qué aspectos fundamentais destacaría destas Normas?

—Fundamentalmente, despois dos case catro anos que as Normas de Planeamento de Brión levan en vigor, pódese observar que no noso Concello non existen os desastres doutros lugares. Isto permite, en primeiro lugar, encaralo futuro sen ningún temor, pois non témo-las cargas doutros sitios que supoñen as cousas mal feitas. En segundo lugar, permite a súa revisión (que ser fará proximamente) para poder

**Queremos que o noso Concello siga servindo de espello a outras comunidades no que respecta ó coidado e manteñemento do territorio”**

encara-lo reto que supón a proximidade de Santiago, cunha demanda de solo crecente que se vai extendendo paulatinamente a tódolos municipios colindantes, como o noso de Brión, xerando tensións entre intereses públicos e privados.

Ultimamente, coa salida da crise económica, vólvese a observar unha especie de epidemia constructora de bloques residenciais en concellos próximos a Santiago, e que, por poñer

**En pouco máis de dez anos houbo unha destrucción do Patrimonio Nacional superior ós destrozos ocasionados nas cidades europeas pola 2.a Guerra Mundial”**


un exemplo, pódese observar fácilmente no de Ames. ¿Como vai resposta-lo noso Concello a esta demanda, tendo en conta que a distancia en tempo de nove minutos de Santiago, fai da nosa localidade unha zona moi atractiva para a ubicación destes tipos de urbanizacións.

—Xa dixen antes que estase pendente dunha revisión das Normas de Planeamento para dar resposta, precisamente a esta demanda. En principio recoñecémo-la existencia desta demanda porque, evidentemente, dádala condicións antes mencionadas, resulta máis agradable vivir aquí. ¿Cómo se vai resolver?; iso é o que trataremos de estudiar, pero tendo en conta primeiro os intereses de toda a comunidade de Brión e non os intereses das PLUSVALIAS como fan noutrous concellos. No que poidamos, imos tratar de non cambia-lo escenario habitual, ou medio natural, do Concello.

—Ata agora, o noso Concello de Brión, a pesares das posibles deficiencias das Normas de Planeamento, non presenta as barbaridades doutros lugares nos que se fixeron auténticas agresións ó territorio común. ¿Cómo se fai facer para que, sen sustraerse ó cambio que parece necesario, a entrada de construcciones modernas non choque co preexistente como noutrous lugares?

—Principalmente queremos que o noso Concello siga servindo como ata agora de espello a outras comunidades no que respecta ó cuidado e manteñemento dun territorio propio coas súas características peculiares. Despois, pretendemos que a maior parte dos beneficios do efecto urbanizador, porque sempre hai beneficios, revertan na colectividade e non só nos promotores. Para elo, buscarase que sexa o Concello quen máis se aproveite a traveso dos convenios de cesións de superficies

## VICENTE SALVADO MARTINEZ E O MOSTEIRO DE TOXOSOUTOS



Cloíster románico TOXOSOUTOS, actualmente como patio interior do Pazo de Pena Douro (Noia).

En outono de 1945, concluída unha laboriosa tarefa de transcripción e anotación, verdadeiramente benedictina a decir de Filgueira Valverde, preparaba Vicente Salvado Martínez os últimos detalles para a presentación da súa tese doutoral sobre o "Tumbo de Toxosoutos".

**F**altábase redactar un limiar a este extenso trabalho de investigación e síntese dunha diversidade polifacética de datos: históricos, xurídicos, topónimos, citas bíblicas, etc., que de ve-la luz sería exemplar e modélico, segundo estimación de ilustres medievalistas, neste tipo de publicacións.

Cando dun xeito increíble, inesperado, apagouse a chama vigorosa da súa xuventude, como lle cantou o plectro dorido dun amigo poeta:

"Y a Brión lo llevaron. A reposar eternamente al lado de la melancólica pantalla de unos pinares, a vivir la muerte en esta tierra cercana a Compostela, en donde Vicente pronunció las primeras palabras. El la amaba mucho". (Xoán Casqueiro Martínez, no diario "CIUDAD" de Pontevedra).

O Diccionario bibliográfico de Escritores de Antonio C. Freijomil dedicalle estas lñas: "Salvado Martínez, Vicente.- Natural de Brión. Catedrático de Geografía e Historia, muerto en 1945. Publicó entre otros un trabajo sobre Suero de Sotomayor".

A Abadía cisterciense de Toxosoutos (Lousame) florece no primeiro tercio do século XII, nun remanso da severa orografía, que invita á contemplación ascética, nas derivacións montañosas do Treito e do Confurco, por onde corre o limpo cristal dun afluente do Traba, e onde, nunha furna, existian as ruinas dun antigo oratorio adicado ós santos Xusto e Pastor.

Ano 1129.- Fundación polos

importante tesouro documental, como no seu tempo un patrimonio notable. "Non hai mosteiro en Galicia cunha facenda más grande nin más calificada cá de Toxosoutos" (P. Yépes: Crónica general de la Orden de San Benito, Irache, 1909).

Documentos de inestimable valor histórico son as miniaturas, que ilustran o "Tumbo de Toxosoutos", dos reis D. Alfonso IX e D. Fernando III. Desta última di a NOVA ENCICLOPEDIA LAROUSSE:

"La hermosa escultura del Rey del claustro de la Catedral de Burgos —que algunos autores suponen retrato de Alfonso X— y la miniatura del TUMBO DE TOXOSOUTOS (Archivo Histórico Nacional) son los únicos retratos contemporáneos del monarca".

Figura tamén unha miniatura de San Fernando no Tumbo A, Folio 66, da Igrexa compostelana.

Ano 1158.- Proseguen as obras de construcción baixo o báculo do Abade Arias.

O século XV sinala, como en tódolos mosteiros de Galicia, unha profunda decadencia, terminando por anexionarse a Sobrado, como Priorato con cinco monxes.

A actual igrexa de San Xusto, emprazada no solar do antigo mosteiro é moderna. Do vello cenobio queda unha interesante reliquia monumental: o enxebre claustro románico, trasladado ó Pazo de Pena Douro do visconde de San Alberto para artella-lo patio interior do aristocrático casal. Ofrecemos seguidamente a nosa versión ó galego dun folio do Cartulario de Toxosoutos, trascrito por Vicente Salvado. Recolle a escritura de últimas vontades dun briónés do século XII a favor do Mosteiro de San Xusto.

• Benito Salvado Martínez

cabaleiros da corte de Alfonso VII, Froila Alonso e Pedro Muñiz Carnota, que sería o primeiro Abade do Mosteiro.

Ano 1135.- 5 de Nadal: consagración da igrexa por Xelmirez. 7 de Nadal: Alfonso VII declarao exento de toda xurisdicción, así civil como eclesiástica, por Diploma Real.

Ano 1138.- 9 de nadal: entre outras liberalidades unialle o lugar de Gomariz, que continuou sometido á xurisdicción civil e criminal do Mosteiro deica principios do século XIX.

A esta seguirían numerosas doações de reis, bispos, e distintos personaxes, que constitúen hoxe un

### NO NOME DE DEUS:

**EU** Paio Muñiz e a miña dona María Páez e os nosos fillos ó Folio 84 vº DONO a vos o Abade Pedro do Mosteiro de San Xusto e ós demáis irmáns do mesmo mosteiro. Foi da nosa grata e libre vontade que polo amor de Deus e de Santa María Virxe e de tódolos santos, en perdoanza dos nosos pecados FACEMOS esta carta de testamento dunha heranza nosa propia que temos na comarca da Amaya (Amaia) nos términos de San Félix de Brión e de Santo Tomé de Oyames (Armes) ó pé do monte Custodia (Dacosta) nas fincas nomeadas no Ribeiro e Pegarinis (Pegariños), DAMOSVOS E CONCEDEMOSVOS a cuarta parte integra de toda a heranza que temos nas ditas fincas con tódalas súas dereituras e saídas segundo os seus antigos términos con tódolos seus edificios e plantacións de toda a heranza que temos actualmente tanto de avolencia como de ganancia. E se eu Paio en estado de saúde quixese pasar a vivir convousco ou os ditos meus fillos finaran sen descendencia DEIXENVOS toda a outra herencia polas súas e as nosas almas... (parte imprecatoria) e este testamento manteña o seu vigor para sempre. Era X<sup>o</sup>CC<sup>o</sup>X<sup>o</sup> 11 calendas de febreiro: 22 de xaneiro de 1173. de 1173. Suscriben:

Pedro testemuña, Paio ts., Froila confirma, Xoán conf., Alvito conf., Martiño Cresconio conf., Fernando presbitero conf., Pedro presb. conf., EU Paio fixen coa miña man este sinal (signo). Munio que escribe dá fe".

# FORTE CRECIMIENTO ESTE ANO DO PRESUPOSTO MUNICIPAL

- Cun aumento de 58 millóns, a cifra do presupuesto alcanza un valor total de 147.427.709 pesetas.
- Nos últimos anos as cifras do presupuesto multiplicáronse por oito
- 30 millóns destináronse á construcción dun Polideportivo cuberto

## PRESUPOSTO MUNICIPAL 1989



QUIZAS AS NOVIDADES MAIS SIGNIFICATIVAS QUE NOS POIDA OFRECE-LO ANO QUE COMEZA SEXAN A CONSTRUCCIÓN DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO DE BRION, A PRAIA FLUVIAL DE PONTE NINANS, O DECIDIDO IMPULSO DA MELLORA DAS ALDEAS, A CONSTRUCCIÓN DE NOVOS PALCOS DE MUSICA E A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA PRIMEIRA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS. ALGO MAIS HABERA QUE HOXE NON SE PODE INCLUIR NO PRESUPOSTO, COMO PODE SE LA TAN AGARDADA BIBLIOTECA MUNICIPAL. MAIS DISTO, TEMPO TEREMOS DE FALAR.

**C**ON Aprobación do presupuesto municipal para 1989, o noso Concello xa ten unha idea bastante aproximada de como se vai desenvolver a vida municipal durante o ano.

O presupuesto ascende a 147.427.709 pesetas, cincuenta e oito millóns máis ca o de 1988.

Respetando o esquema dos anos anteriores, imos demorarnos en cada un dos capítulos, tanto de gastos como de ingresos.

### OS GASTOS

A partida de "obras e servicios" arrecada o 67 por cento do presupuesto (98 millóns de pesetas). Respecto ó ano pasado, sobe máis do doble e tamén sobe a porcentaxe en 13 puntos.

Sen dúbida é esta a parte máis lucida do presupuesto.

En gastos fixos van: 1,5 millóns para reparacións do alumado públi-

co, 1,2 para o servicio de recolla de lixo, 2,5 para combustible e reparacións de vehículos municipais, 8 millóns para o consumo eléctrico do alumado público, medio millón para adquisición de ferramentas e 3 millóns para proxectos técnicos.

Os Plans Provinciais levan 27 millóns e neles entran reparacións de camiños, ampliacións de alumado público e instalación da depuradora de augas residuais de Pedrouzos; será esta a primeira das que se proxectan para todos os núcleos de poboación.

Van 15 millóns para mellora de aldeas e obras en xeral. Seguirase o plan iniciado o ano pasado de renovacións dos camiños interiores das aldeas.

Hai unha partida de dous millóns para liquidar cantidades pendentes no cementerio de Brión.

O máis novedoso deste apartado de obras son trinta millóns destinados para construcción dun pabellón polideportivo cuberto en Pedrouzos. Era esta unha necesidade fundamentalmente sentida non só para a práctica do deporte, senón sobre de todo para poder dispor dun local amplio para toda clase de concentracións festivas, culturais, etc.

Destinanse tamén 4 millóns para sumar á subvención de 2,5 concedida pola Consellería de Turismo encamiñada á construcción dunha praia fluvial na ponte de Ninans e 3 millóns para construcción dos palcos de música nas parroquias dos Anxeles, Lúaña e Viceso.

O capítulo de "personal" vai a 23 millóns, dous máis ca o ano pasado; pero a porcentaxe sobre o total baixou do 23% ó 15,6. Abrangue soldos e seguridade social dos 6 funcionarios de plantilla e máis a praza vacante de auxiliar, asignacións dos membros da Corporación e persoal contratado para obras.

"Administración" leva nove millóns, medio millón menos ca o ano pasado, e representa o 6% do presupuesto. Comprende gastos de

**O capítulo de Obras e Servicios recolle case a totalidade do aumento deste ano, que ascende a 58 millóns de pesetas.**

oficina, instalación de calefacción na Casa do Concello e 5 millóns para intereses e amortización de préstamos.

"Educación e Cultura" absorve o 9% do presupuesto (13,6 millóns). Son tres millóns más ca o anos pasado, pero baixa dous puntos na porcentaxe. Entran as atencións ás escolas, cursos de natación, acampada, vías da terceira idade, festas, escolas de Gaitas, Baile e Rondalla, funcionamento da Casa da Cultura, edición da revista ALTAMIRA, etc.

En "beneficencia" van as medicinas das 53 familias acollidas ó Padrón de Beneficencia, contratación de asistente social e axudas a necesitados. Con 3,6 millóns supón o 2,4 por cento do presupuesto municipal

## OS INGRESOS

Ainda que os ingresos municipais seguen vindo nas dúas terceiras partes do Estado ou da Deputación Provincial e apesar do aumento sustancial respecto do presupuesto do 88, continúa sendo verdade o problema exposto no comento do presupuesto do ano pasado: o Estado discrimina escandalosamente ós municipios pequenos en favor dos grandes.

Chama a atención a case nula participación da Comunidade Autónoma nos presupostos municipais: apenas tres millóns como contribución ó sostentamento da asistente social, celebración da Festa da Froita e ós cursiños de natación.

Claro que non vai ser ésta a única colaboración da Xunta co Concello. Pero ela acostuma a canalizar as súas axudas (tanto para os particulares como para os particulares) fundamentalmente a base dun sistema de subvencións sen periodicidade fixa e para programas determinados e guiada por criterios ás veces demasiado políticos. En calquera caso, as

No gráfico adxunto obsérvase como foron evolucionando os presupostos municipais nos últimos dez anos. Certamente, a suba foi espectacular: non só as economías multiplican por oito no término dunha década. Habería que comprobar se os servicios ós cidadáns aumentaron na mesma proporción que os presupostos; nós, honradamente, consideramos que si. E tamén gratificante comprobar como a parte dos ingresos que gravan directamente ós contribuyentes en impostos recadados polo Concello non subiron na mesma proporción.


axudas son imprevisibles.

Tal sistema soa, para quen as dá, a mercaduria electoralista e, para quen as recibe (sexa unha entidade pública ou un particular), a esmola humillante.

O Estado nutre o presupuesto, a traveso do Fondo de Cooperación Municipal, con 53.874.313 pesetas, que representa o 39%.

Da Deputación prevense 23 millóns como contribución ó Plan de Obras e Servicios e outros tantos para a construción do polideportivo cuberto de Pedrouzos. Presupostouse tamén unha cantidade simbólica de 100.000 pts. para outro plan extraordinario de obras do que ainda se carece de datos. Hai tamén 100.000 pts. como subvención á Escola de Gaitas. Todo isto supón o 32% do presupuesto (no presupuesto do 88 fora o 25%).

A recadación directa do Concello supón o 7% do total (10 millóns): imposto de circulación, 4,4 millóns; licencias de obras, 1,5; taxas de abastecemento de augas e servizio



EVOLUCIÓN DOS PRESUPOSTOS MUNICIPALES DURANTE OS 10 ULTIMOS ANOS

de excavadora, cadanxeu millón; Fenosa, un millón; telefónica, 550.000 pts; expedición de documentos, 250.000; utilización de piscinas, 350.000. O resto son cantidades insignificantes de impostos de publicidade, taxis, etc.

Os impostos municipais xestionados por Facenda suman 9,5 millóns (o 6,5%) e distribúense así: licencia fiscal do imposto industrial, 4,5 millóns; contribución rústica, 1,2 millóns; contribución urbana, 3,7 millóns; e licencia fiscal de profesionais, 100.000 pts.

Prevese a concertación de préstamos por valor de 21,6 millóns para facer frente á aportación municipal ás obras do Plan Provincial (3,5 millóns), reparación de camiños e mellora de aldeas (11,1 e aportación municipal ó polideportivo de Brión (6,9). Os préstamos absorven o 15% do presupuesto.

Os intereses dos fondos bancarios renderán 700.000 pts; de venda e renda de inmobles proxéctanse 1,6 millóns.

## Exposición do proxecto de "Plan especial" Pedrouzos-Alqueidón

Cando se execute o Plan Especial que acaba de elaboralo equipo Consultoría Galega por encargo do Concello, Pedrouzos quedará unido ó Alqueidón por un paseo-arboleda que posibilitará un desenvolvemento harmónico das dúas localidades.

As zonas Alqueidón-O Tremo por unha banda e Pedrouzos como capital do concello pola outra, son as más dinámicas da comarca no que a urbanismo se refire; quer dicir que esa área absorbe as maiores apetencias constructivas do noso Concello. Xa que logo, planea-lo seu desenvolvemento con tempo, é pensar con futuro.

Deste xeito, creárase unha área cobizada para ser recorrida a pé, pero

Dúas ringleiras de árbores ou emparrado de ubeiras e plantas ornamentais enmarcando un paseo peatonal a cada banda da actual estrada, con macizos axardillados bancos de pedra, etc., esparexidos ó longo do mesmo constituirán o eixo do plan.

tamén para ir de vagar a pousoar e reposar nel. Por suposto, será tamén unha área totalmente acaida para acobilla-las necesidades edificatorias demandadas por unha poboación que xa non vive principalmente da agricultura.

Este paseo arborado discorrerá exactamente pola estrada xeral desde a curva da Buratiña ata os almacéns do Cruce da Gándara e o ramal que conduce ó Colexio de Brión, comprendendo tamén os tramos iniciais das pistas de Adoufe e Liñares. Afecta a 39 fincas con frente á estrada ou pistas.

Ademais dos 9 m. de ancho da estrada actual (7 de pavimento e 2 de gábias), o Plan prevé oupar seis metros de ancho a cada lado da estrada para o paseo (2,5 m. de paseo enlousado de pedra e 1,75 m. para cada ringleira de árbores). A partires de ahí entrarán os cerramentos das fincas.

As casas poderan construir a 14,5 m. do eixo da estrada se as vivendas non van adosadas; pois senón, habería que deixar unha franxa doutros seis metros para vias interiores de servizo.

Non parece excesivo este retranqueo previsto, se se ten en conta que a actual Lei de Estradas exige maiores separacións cando se constrúe fóra dos núcleos de poboación.

Contémplase tamén a conducción subterránea das liñas eléctrica, telefónica, de auga corrente e rede de sumidoiros.

Os terreos a ocupar adqueriranse polo sistema de expropiación, se non se dera a cesión gratuita.

O presupuesto global anda nos sesenta millóns de pesetas, que serían pagados en grande parte polos propietarios dos terreos afectados. Estes, en contrapartida, verán as súas parcelas automaticamente revalorizadas e listas para edificar. É de lei que as cargas sociais revertan sobre quem recibe os beneficios: xa é refran de vello de que, quen come a carne, debe rillar tamén os ósos.

## Lenta melloría do servicio telefónico

Hai pouco que comenzou a funcionar a central telefónica de Pedrouzos, co que quedou disponibilidade de abondo de liñas cas que atende-las necesidades da zona (parroquias de Brión e Os Anxeles).

Actualmente estanse elixindo os terreos para instalar unha nova central telefónica que atenda ás parroquias de Bastavales e San Salvador. O caso desta parroquia é verdadeiramente de antoloxía: que 400 familias e máis de 50 industriais e locais comerciais agrupados en 30 aldeas moi próximas entre si, tiveran que agardar ata hoxe para que Telefónica se dignase declarala área urbana, non ten explicación dada.

Respecto a outra novas zonas urbanas, recibiu-se no Concello unha comunicación da Telefónica sinalando un plan por etapas

para cubrir todo o término municipal: na primeira entra a de Sabaxáns referida; na segunda, Nináns, na Lúaña; na terceira, algunas aldeas dos Anxeles, Bastavales, Boullón, Cornanda, Lúaña, Ons e Viceiso; e na cuarta, o resto do municipio. O que non sinalaba o escrito eran as datas para cumplirlas distintas etapas, o que equivale cáuse a non decir nada.

## Para Lamiño, Brans de Abaixo e O Enxo Ampliación da rede municipal de auga

Pouco a pouco vaise extendendo a rede do servizo municipal de auga. Se no anterior número de ALTAMIRA dabamos conta da posta en funcionamento do tramo Alqueidón-O Tremo cuns sesenta abonados, agora estáselle instalando a tubería ós veciños de Lamiño, Brans de Abaixo e O Enxo, en total trinta abonados.

É isto un tema polo que hai forte preocupación na Corporación Municipal; as demandas da poboación son tamén cada día máis agulloantes, polo aumento

do consumo nas casas e sobre de todo polo incremento da construcción de vivendas na zona baixa do Concello. O ano pasado realizouse un importante esforzo de captación na zona próxima da igrexa de Brión para incrementalo caudal da traída, pero os resultados non foron tan satisfactorios como se agardaba.

O tema, xa o temos dito outras veces, non é que falte auga: os montes que nos rodean baixan cheos de regueiros que poderían abastecer ciudades enteras; na maior parte dos casos, estas augas perdense totalmente.

## CALENDARIO LABORAL PARA 1989

- 6 de xaneiro, Epifanía do Señor
- 23 de marzo, Xoves Santo
- 24 de marzo, Venres Santo
- 1 de maio, San Cidre Labrego (festa local de Brión)
- 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia
- 15 de agosto, Axunción da Virxe
- 27 de setembro, Santa Minia (festa local de Brión)
- 12 de outubro, Festa Nacional de España
- 1 de novembro, Tódolos Santos
- 6 de novembro, Dia da Constitución
- 8 de decembro, Inmaculada Concepción
- 25 de decembro, Nadal do Señor



# O XORNAL VERDE

VOCEIRO DA MOCIDADE DO CONCELLO DE BRION

Nº 1

DESEMBRO-88

• Elabora: Grupo de Defensa da Naturaleza "Denocina" (GDND)

• Coordina: Equipo de Intervención Socio-Educativa (EISE)

## a fiestra

CARTA A UN AMIGO CAZADOR

Querido amigo:

*Os homes primitivos, hai máis de dous millóns de anos, cazaban para poder alimentarse e vestirse. Neses tempos remotos non habería no planeta Terra máis de tres millóns de habitantes. É facil supoñer que o dano que producían coa caza na existencia de outros animais era escaso. En ningún momento da prehistoria a actividade dos cazadores, con armas e técnicas primitivas, supuxo o perigo de extinción para outras especies animais.*

*Agora mesmo somos na Terra máis de cinco mil millóns de habitantes. Nestes dous últimos séculos exterminamos para sempre máis de dous centos de especies animais, e temos moitas más en perigo inmediato de extinción. A caza é unha das causas desta desfeita.*

*A evolución do home e o seu traballo na agricultura e na gandeiría foi provocando que a caza se transformara nunha actividade secundaria. Hoxe en día xa non é indispensable para garantir a nosa subsistencia: a caza converteuse nun luxo e, segundo dixen algúns, nun "deporte". ¿Cál é o sentido da caza nos tempos que vivimos? ¿Pódese xustificar que a caza debe manterse porque é un deporte ou un "xogo" para "adultos"?*

*¿Cántos cazadores coñecen e respetan o código de especies protexidas? A resposta, segundo os resultados, é fácil: os suficientemente poucos para que ano tras ano se cometan infinidade de barbaridades diante da ausencia de control e delixeamento da Administración e dos encargados de vixiá-lo cumplimento das normas de caza.*

*O noso Concello non é alleo a este problema. A práctica de cazar de noite, prohibida e penalizada por Lei é bastante corrente. Chégase a mete-los coches nos prados pisando e estragando a herba. Así, ó mesmo tempo que se desafian impunemente as leis de caza, ríntase a esgalla do duro traballo do labrego. E unha tarefa de solidariedade entre nós que isto non suceda.*

*Tamén son coñecidas as cacerías do raposo. Este animal, lonxe da súa mala fama, é un dos más beneficiosos: en todo un ano pode matar ata 15.000!! ratas, ratos toupas e outros pequenos roedores. Non hai que pensar moito para comprender o dano que estes animais producen na agricultura e nas casas, e o importante que é, por elas, a conservación dos seus cazadores naturais (además do raposo, están as aves de presa diurnas e nocturnas, as denocinas, as cobras, os furores...). Tamén temos novas de unha besta, con perdón, que tiroteou a unha curuxa.*

*A morte destas e outras especies animais aféctanos a todos de moitas maneiras. A súa desaparición rompe o equilibrio natural; ratas, ratos e toupas poden adicarse a poboar e estragar sementeras sen ningún "cazador" natural que as elimine. Pode ser, ademáis, que nun futuro cercano se non poñamos remedio, non poderemos mostrar os nosos fillos e netos eses bichos fermosos que ainda habitan nos nosos montes máis que en fotografías. Nós herdamos esa riqueza dos nosos antepasados e témo-la obriga e a responsabilidade de legala en bo estado ás xeneracións futuras. Coida-o monte é tamén coida-los animais que nel viven. ¿Cando empezamos?*

Grupo de Defensa da Naturaleza "Denocina" (GDNADE).

## ollo que queima!

A RECOLLIDA DO LIXO

*O tema que nos ocupa nesta sección é o da recollida do lixo. Neste artigo tentaremos plantear e buscar algunas soluciones axeitadas ó mesmo. Enténdese por lixo calquera sustancia ou obxecto xerado nas actividades de producción e consumo que non acada ningún valor económico. Dentro destas materias podemos distinguir as xeradas de actividades domésticas, comerciais ou de servicios, de limpeza viaria, abandono de mobles, enseres, vehículos e animais mortos...*

*Tendo en conta as características da composición dos residuos pódese escoller un ou outro sistema de tratamento. Os máis utilizados son: o verquido controlado, a incineración, o reciclado e a compostaxe. O primeiro consiste na colocación do lixo sobre o terreo extendéndo-o en capas de pouco espesor e apretándoo para disminuír o seu volume. A incineración é un proceso de combustión controlada que transforma a fracción orgánica dos residuos sólidos en materias inertes (cinzas) e gases. Non é un sistema de eliminación total, pero determina unha redución do peso e volume do lixo orixinal. O reciclado é un proceso que ten por obxecto a recuperación de forma directa ou indirecta dos elementos que componen os residuos. A compostaxe consiste nun proceso de descomposición biolóxica, por vía anaerobia, da materia orgánica contida nos residuos en condicións controladas.*

*Tendo en conta a composición dos residuos que se xeran coidamos que o ideal non é un só sistema de tratamento senón un conxunto que nos leve a un maior aproveitamento dos residuos a un baixo custo. Polo tanto non descartamos a reciclaxe polo que de recuperación ten. Para a efectividade deste sistema necesítase a participación dos veciños ó ter que depositar en recipientes distintos os diferentes componentes do lixo que tratamos de recuperar (habitualmente fanse cinco separacións no lixo doméstico: vidro, papeis e cartón, metais, restos de comidas e materias orgánicas, plásticos). A compostaxe é outro sistema a ter en conta, xa que o material resultante pode ser usado como abono orgánico.*



# arredor

## Oficios artesáns: Os cereiros de Bastavales



Colocando as mechas das velas na "percha".

Na Caxusa, na Parroquia de Bastavales, vive María Gómez Rivas, más coñecida entre os seus paisanos como "Maruja do cereiro", e o seu home Manolo Tobío. Ata ali fomos para parolar con ela sobre o antigo oficio da cerería.

P.- ¿Cando e de quén, aprendeu o oficio?

Maruja. Pois mira, a min ensináronme meus pais, e ós meus pais os seus, e así ata máis de douscentos anos de tradición. O primeiro cereiro veu de Forcarei (Pontevedra) e chamábanlle "O Burreiro". Nesta casa levamos uns vinte anos traballando coa cera.

P.- ¿Qué materiais utiliza para face-las velas?

Maruja. — Pois, cera e parafina (a parafina faiuse de residuos de petróleo). Antigamente faciase todo con cera de abella, pero agora estache moi cara e nós temos que sair ó mercado. Amáis a cera eche moi mala de traballar, porque ti tes os sacos de cera tal e como a fan as abellas, vala derreter e non che queda en nada, pero claro iso sabémolo nós que traballamos con ela. Anque agora se fan velas só con cera de abella para curas moi finos que non queren que lle afumen as igrexas ou para casas particulares.

P.- ¿Istas materias son moi difíciles de conseguir?

Maruja. — Non, non son malas de conseguir xa que a parafina vénese nas refinerías e ademáis hai almacéns que se adican a vendela. A mecha, que ten que ser de algodón, eche bastante cara e nós traémola de Valencia.



Bañando as mechas, que colgan da "roda", no "nocal". Despois de sucesivos baños a vela ten o aspecto que se ve na foto.

P.- ¿Teñen distintas épocas de traballo?, é dicir, ¿hai determinadas velas segundo a época?

Maruja. — Si, si que temos. Por exemplo, din que para Xoves Santo hai que gastar moita cera, e fanse unhas velas medianas. Para Difuntos fanse unhas velas pequenas e gordas que se chaman Velóns do Santísimo; istos velóns hai uns dez anos ou así que se empezaron a facer, e fainos unha máquina. E logo están as velas de promesas, que son moi longas e que se levan ás romarias en ofrenda, e tamén as figuras, que son puramente artesanais.

P.- ¿Cáles son os instrumentos que utiliza?

Maruja. — A primeira é a palla, que é como un caldeiro moi grande onde se derrete a cera; logo a cera pasámola ó nocal onde a quentamos continuamente con electricidade para que non se solidifique e poder traballar con

ela. Hai xente que ainda a quenta con leña ó baño maría, pero a leña tamén sae cara e nós preferimo-la electricidade. Os fíos (as mechas) pónense nas perchas —das que colgan— e estas van enganchadas á roda e así vanse bañando as velas ata que estean feitas. Por exemplo facer unha roda de velas medianas lívache de dúas a tres horas, e haiche que ter moita paciencia. Mira, eu téñome feito as velas unha a unha, ir aguantando do fio e con un cazo ir botándolle a cera. Para pulillas tiñamos a bruñidora, e para cortalas ainda temos a cortadeira de madeira de pau de buxo.

P.- ¿Sabe algún conto ou refrán sobre o oficio?

Maruja. — A min téñenme contado que como antes lle chamaban



As velas, unha vez feitas iguálanse cortando os seus extremos con un coiteiro ou coa "cortadeira de madeira".


burreiros ós cereiros, un dos que viñeron de Forcarei quería casar cunha moza de aquí, e ela foi xunto o cura e dixolle:

—Señor cura, eu quería casar con ese home, pero se caso con el, teño medo de que me chamen "A Burreira".

E o cura dixolle:

—Casa mulleriña casa, que ese non é un burreiro senón un bó cereiro.

# *de* nós



*Esquema descriptivo dos principais elementos do hórreo.*

## Os hórreos na parroquia de Brión

- Sabela Regoero Montero
- Agueda Paz Seijas

A parroquia de Brión conta con poucos hórreos antigos, xa que moitos foron abandoados ou restaurados.

Nos poucos que estudiamos, puideremos observar que todos ou cáseque todos son iguais, é dicir, teñen as mesmas características: son feitos de madeira e pedra, son a dúas augas, teñen tella do país —agás algúns que a ten moderna—, son anchos, e as portas téñenlas no penal.

Tamén contan os elementos decorativos, como son a cruz, a bola, o pináculo ou picudo, a virxe... aquí chamados por algunas persoas "pendóns".

Os máis dos hórreos desta parroquia carecen de soleira e teñen o piso de madeira ou de pedra.

Máis pollo miúdo, constan das seguintes partes:

- **Sobrepena**, coñecida asemade coma topete, é a pedra que coroa a parede do hórreo.
- **Cubrición de lousas**

— **Cume**, ou cumio, que é a ringleira de tellas colocadas cara abaixo pra cubri-las xuntas das tellas que ollan cara arriba.

— **Tixeira**

— **Balagustos**, ou duelas, que son as táboas que están en vertical.

— **Cinta** ou clavadeira, que é a táboa que atravesa en horizontal.

— **Soleira**, o macizo de cachote ou cantería que ergue o hórreo pra que estea mellor ventilado.

— **Pinche do penal** ou cubrición da porta, que é a pedra que está enriba dela.

— **Trabe**, pedra longa e grosa que forma e vai pola parte inferior do hórreo.

— **Piso**

— **Columnas**

— **Cepas** ou tornarratos, que son as que evitan o acceso dos roedores.

— E por último, os **Pés**.

# encontros con animais

## A Denociña

• Xoan Carlos Paz Sejas  
• Ana Regueiro Montero

A denociña (tamén chamada donicela, doneciña, doniña ou dona das paredes, entre outros nomes) é un pequeno animal carnívoro; mellor dito, é o carnívoro máis pequeno que existe, pois tan só mide uns vintecinco centímetros, e de peso inda non chega ben ós cien gramos.


Membro da familia dos mustélidos, ten un tronco moi fino, e unha testa ó longo rematada nun fuciño puntiagudo de grandes bigotes. As patas son curtas e a pelaxe, se ben pode variar, é pola parte de enriba dunha cor parda, e pola de abaixo branca.

De costumes nocturnos, anque podemos vela polo dia, vive en sitios moi dispares, e tanto se acha nun burato dunha árbore ou en galerías feitas no chan, coma en adegas e hórreos.

Moita xente ten a este animaliño por un bicho cruel, ata chegar a dicir que é capaz de matar un home con veneno; veneno que non posúe. Este, xunto con outros feitos, coma que mata coellos de granxa, é usado polos cazadores pra xustificaren a súa matanza. O que non saben, e algún deles son labregos, ou non queren saber, é que este terrorífico animal mantén os campos de labranza limpos de ratos, de toupas e de calquera outros roedores.

Si, diredes vós que para matármolos hai outros animais; mais o que seguramente non coñecedes é que a denociña é o único que se pode introducir nunha rateira, chegando a comer varias crías sen que ainda non teñan saído do niño e matar ás femias preñadas.

Ata agora sempre se tivo unha idea equivocada da denociña, pensándose que era problemática pra o campo e pra o home, cando, pola contra, é moi tranquila. Síbese,



Sempre yelando!

mesmo, que na antiga Grecia usábase coma animal doméstico sustituindo ó gato.

Coma podedes ver, sen a denociña pronto empezariamos a sufrirmos grandes invasións que non poderíamos manter á marxe por non termos as cualidades que a denociña ten pra se meter nos seus buracos.

Hai que explicar que a denociña, coma cáseque tódolos mustélidos, ten un grande defecto: o de colarse polos sitios, sen deixar un sen rexistar. Pero é a maneira que ten de dar co alimento —polo xeral, ras, lagartos, e, sobor de todo, roedores— e cun recuncho onde pasa-lo inverno abrigada. E que lle saíu cara a partires da I Guerra Mundial: o home inventa unha trampa que, aproveitando a súa curiosidade, deixa que a denociña busque nos currunchos pra logo fechala.

unha especie que se utilizou, e se cadra ainda se utiliza, por infinitade de pobos que se emborrachan coa inxestión de algunha das súas partes secas. Outras persoas adicadas ó estudio de cogumelos afirmaron, cicas, de forma excesiva, que o culto secreto á Amanita Muscaria estaba relacionado coa crenza de que, ó come-la, abría as portas do Paraíso que prometía a relixión cristiá.

Ocorría unha cousa semellante coas prácticas de bruxería, interpretadas pola igrexa coma relacións con Satanás, por más que en realidade constituyan reliquias de cultos antigos. Nos lugares onde se perseguió ás bruxas, os cogumelos alucinóxenos misturábanse con animais vencellados ás prácticas de magia, como son os sapos e as cabras; esta é a razón dos nomes que reciben os cogumelos en pobos micófobos, e se non fixádevos nos nomes que lles damos aquí: tallo de sapo, pan de sapo, paraugas de sapo, pan de lobo, coros de bruxas... e un sinfín de nomes raros máis. A conclusión é que a relación dos cogumelos coa bruxería ou cos cultos relixiosos non cristiáns pode explicar en gran parte o medo que se lles ten en Galicia e en outros países.

Debemos tamén ter en conta que os cogumelos non son plantas vexetais propriamente ditas, senón que son "metade animais, metade vexetais". Isto que en principio pode parecer estrano non o é, xa que as células polas que están formados están entre o reino animal e o reino vexetal. De feito, moitos de vós coméstedes setas algúnhave vez, porque quén non comeu algúnhave vez champiñóns, e díriadevos de conta que o seu sabor non é vexetal senón que tira máis á carne.



• Xoán Ferreira González.

Sempre nos pareceu estrana e ilóxica a existencia de pobos micófobos, que non só non comen os cogumelos senón que ainda senten cara eles un horror indecible.

A existencia de especies venenosas entre os cogumelos non xustifica este medo, pois é ben sabido que hai peixes tóxicos e plantas mortais, e mais por iso non se deixan de comer peixes nin cultivar plantas.

A explicación da micofobia atopase no uso de fungos e cogumelos con propiedades alucinóxenas en prácticas relixiosas non ortodoxas. Aduciremos algunas probas.

En 1957 apareceu unha obra fundamental sobre o estudo do uso dos fungos e cogumelos por diferentes pobos, na que se pasa revista a canto fai referencia ós cogumelos alucinóxenos, sobor de todo á Amanita Muscaria. Esta é

## Iniciativa lexislativa popular para a defensa do patrimonio forestal galego

A importancia do sector forestal dentro do marco da Economía Galega, así como o seu interese como factor clave para a protección e cuidado do Medio Ambiente, están a demandar

Pensando na gravidade dos problemas (incendios forestais, deterioro dos bosques autóctonos, pretensión de instalar novas celulosas, etc) e conscientes da necesidade dunha Lei de conservación, mellora e desenvolvimento do Patrimonio Forestal, un grupo de cidadáns, vencellados ó tema decidiron a presentación dunha Proposición de Lei de iniciativa lexislativa popular.

Esta proposición de Lei contén un total de vinteún artigos e tres disposicións que veñen a desenrolar un total de cinco Títulos.

O Título primeiro, que trata da CONSERVACION e

dende fai anos, a traveso de diferentes estamentos sociais (proprietarios de montes, Concellos, Grupos ecoloxistas, empresarios... etc.) a elaboración dunha política forestal axeitada á nosa realidade galega actual.



MELLORA DO PATRIMONIO FORESTAL, contén un total de tres artigos onde se especifican os Organismos que deben facerse cargo da política forestal, así como as

funcións básicas do monte: protección, producción e uso social.

O Título segundo, adicado á CONSERVACION,

MELLORA E REPOBACION, contén un total de once artigos nos que se destacan, entre outras cousas: o carácter urgente das medidas destinadas a mercar ou permutar superficie forestal co fin de destinalas a uso público, para que nun plazo máximo de dez anos, Galicia poida contar cun Patrimonio Público forestal espallado por todo o país e que, en ningún caso sexa inferior ó 17% da superficie do territorio de Galicia. Tamén refírese este Título segundo a un mínimo do 20% da superficie forestal de Galicia que será destinado a conservación biolóxica e, por tanto, adicárase exclusivamente a sustentar especies autóctonas do bosque galego.

Os restantes tres títulos falan da POLITICA INDUSTRIAL, da PROPIEDADE e da EDUCACION E INVESTIGACION FORESTAL que delimitan cun total de nove artigos.

## Cerca de 10 millóns costaron as últimas obras

Nestas obras están incluídas a construcción dun lavadoiro novo no lugar de OUTEIRO, parroquia de Bastavales, e o minado da auga para o servicio do mesmo. Continuando coa atención ás demandas do servicio de lavadoiros das parroquias, fixérone reparacións e importantes reformas nos lavadoiros de SOIGREXIA e SOUTO, parroquia dos ANXELES; e VIOXO DE ABAIXO, na parroquia da Lúaña. O importe destas obras ascendeu a dous millóns de pesetas.

Outra obra importante abordada ultimamente, é a construcción dunha pista polideportiva na parroquia da Lúaña. Esta pista, que permite a práctica de diferentes deportes alternativos e que foi construída en terreos da igrexa xunto ó campo de fútbol, conta, ademais, cun espacio de xogos para os nenos máis pequenos.

Financiada pola Consellería de Agricultura e o Banco BBV

## Favorables impresións da viaxe a Francia do noso alcalde

A Asociación Forestal de Galicia organizou, a finais do pasado ano, unha viaxe ó Sur de Francia coa finalidade de coñecer e aprender da experiencia francesa no referente as explotacións de montes (selección de especies, acondicionamento do terreo, plantación, rareo, poda, etc.) e defensas contra os incendios.

A esta viaxe, que foi totalmente financiada pola Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia e o Banco BBV, foron invitados: os alcaldes de Brión, A Baña, Rois e Negreira, varios representantes de propietarios de montes mancomunados e privados de toda Galicia, así como unha representación oficial encabezada polo Director Xeral de Montes da Consellería de Agricultura e varios técnicos ós que acompañaban dous representantes da mencionada entidade financeira.

Das dúas zonas visitadas por este grupo de persoas, a primeira, denominada "Des Landes", presentaba unhas características moi diferentes ás que temos aquí en Galicia, polo que a súa experiencia resultaba praticamente imposible de trasladar á nosa terra.

A outra zona visitada foi a de Burdeos, máis parecida ás características da nosa terra. Poidose constatar nesta zona que praticamente se traballa o monte por sistemas cooperativistas ou de asociacionismo, polo que a diferenza con nós, no que respecta a productividade e rendibilidade, é abismal. Chama poderosamente a atención o espírito de axuda, confianza, servicio e diálogo que impregna as relacións entre os diferentes membros das cooperativas que, ademais, están sempre abertos a todo tipo de innovacións así como ós requerimentos que se fan

desde a Comunidade Europea.

O último dia de viaxe, esta Comisión mixta de autoridades e propietarios fixeron unha visita ó País Vasco francés para coñecelas diferentes experiencias de asociación de propietarios moi parecidas ás dúas experiencias que xa temos no noso Concello en Ons e en Viceso e que deben ser un exemplo a imitar en toda Galicia.

Antes de intentar facer calquera proxecto de mellora das nosas explotacións forestais hai que mentalizar ós propietarios de montes que, ó igual que no país veciño, o asociacionismo e as cooperativas, é a única saída que hai para tentar de darlle rendibilidade ó monte. Aquí entre nós, moi poucos aceptan implantar novos sistemas de traballo porque a maioria cre que sabe xa máis que ningén.

## Campaña de información e asesoramiento de bolsas pro curso 88-89



Ven de remata-la "Campaña de Información e Asesoramiento de Bolsas pró Curso 1988/89. Convocatoria do Ministerio de Educación", que o Equipo de Intervención Socio-Educativa abriu o 1 de xullo pasado.

Buscábase así proporcionarle información á poboación do Concello sobre da convocatoria de becas realizada polo devandito Ministerio e asesorar e cumplimentar, no caso de que sexa necesario, de cara

a cubri-los impresos de solicitud e os certificados requeridos.

Pra conquerir isto, púxose a funcionar unha Unidade de Información e Asesoramiento os martes, mércores e xoves de 11 a 2 da tarde durante os meses de xullo, agosto, setembro e outubro, prá atención ó público. Esta Unidade lanzou unha edición de carteis pra difundir, tanto as características da convocatoria coma a existencia da propia Unidade, para pasar logo.

coa adicación dun membro do Equipo, á súa tarefa de xestión de cada petición. A partires de outubro escomenzou o labor de seguimento, co fin de poder solucionar las posibles reclamacións ou requerimentos de documentación que se lle fagan ós demandantes.

### Balance

A xeito de balance, a Unidade chegou a prestar os seus servicios a dezaseis familias, isto é, a 57 estudiantes de diferentes niveis, anque, loxicamente, meirande presencia tiñan os máis baixos. Mais non todos puideron ver resolto o seu caso porque a convocatoria excluía os alumnos de E.X.B. e ós matriculados en Pre-escolar en centros públicos, polo que só o resto tiña direito a bolsa.

**NOTA:** Todos/as aqueles/as solicitantes que reciban, tanto unha resposta negativa de concesión de beca coma unha solicitud de documentación ou de aclaracións, poden consultalo no Concello a partires das 12 da mañá.

## Colocación de niños de paxaros

Tódolos venres na Casa de Cultura de Brión, estase a xunta-lo Grupo Ecoloxista de Defensa da Natureza "Denociña" (G.E.D.E.N.A.) para repartilo traballo entre os seus membros, amais dos necesarios labores de coordinación. Entre as actividades que van facendo está o traballo de análise de feitos que atacan ó medio natural; por exemplo, xa se publicou no primeiro número da revista que eles levan, "O Xornal Verde", un artigo sobre os incendios forestais en Galicia, e neste número vai un sobre a caza de especies benefi-

ciosas e protegidas pola lei. Asemade, trátanse temas de cultura popular (oficios, literatura popular, construccions...) e de coñecemento de especies animais e vexetais.

### Caixas-niño

Desta vez, están montando unhas "Caixas-Niño" que proximamente serán colocadas en algunas árbores do Concello. O sentido non é tan só colocar estas "casetas", senón informar mediante paneis das clases de paxaros que se beneficiarán, ademais do seu número e dos seus costumes alimenticios e procreativos.

## Mostra de oficios artesáns do Concello de Brión

O Grupo Ecoloxista de Defensa da Natureza "Denociña", que, como sabedes, está composto por xóvenes do Concello, prepara agora unha "Mostra sobre Oficios Artesáns do Concello de Brión", que ten pensado circule por tódalas parroquias así que estea montada.

Estanse dando os primeiros pasos, entrevistando á xente e preguntándolle verbas súas ocupacións e a súa vida, tentando de coñecerlo que foi este municipio hai non moitos anos, de tal xeito que se poida facer unha reconstrucción dessa historia.

Dende aquí invita a tódolos que queiran apuntarse ou teñan outras ideas novas a pasar polas súas xuntanzas semanais, que celebran os venres de 8 e media a 10 da noite, ou polo Concello, entre as 12 e as 2 da tarde calquera dia da semana, para vos informardes mellor.

Os diferentes oficios artesáns: zoqueiro, ferreiro, linterneiro... etc., foron durante séculos as ocupacións alternativas ó traballo do campo, e constituían unha porcentaxe importante do comercio rural.

## Primeiras sesiões da nova "Escola de Teatro"

O pasado dia 5 de novembro púxose a funcionar la Escola de Teatro de Brión. O Equipo de Intervención Socio-Educativa quería deste xeito pór en marcha un Obradoiro que permitise ir formando ás rapazas e rapaces nas técnicas teatrais e nas súas múltiples posibilidades, enfocando a súa actuación dende o traballo en grupo.

Non se trata en absoluto de montar unha escola que remate o seu labor no Nadal, senón que, pola contra, continuará de modo permanente.

A Escola, a cargo dun animador de teatro, veu

tendo as sesiões seguintes: o 12, 19 e 26 de novembro; e 3, 10, 17, 23 e 31 de decembro, de 10 da mañá a 1 da tarde, co soporte do autobús do Concello pró desprazamento dende as casas dos inscritos.

### Programa

O programa desenvolvido abrangue os xogos de presentación, de desinhibición e divertimento, a expresión corporal, o xogo dramático, as improvisacións e dramatizacións, o traballo con historias, sombras chinesas, máscaras, construcción de monicreques e traballo con audiovisuais.



## A cabalgada de Reis en Brión

Por moito que pasen os anos por nós, entre tódalas vivencias que gardamos como máis entrañables mentres somos nenos atópanse as chegadas dos Reis Magos nas cabalgadas e os seus regalos de xoguetes que aparecen ó dia seguinte xunto ós nosos zapatos. A "maxia" que envolve estes momentos impediunos durante anos, explicámonos moitas dúbidas que

A chegada das SS.MM. os Reis Magos de Oriente a Brión, é todo un acontecemento para os nenos pequenos que non acaban de crer de todo que poidan estar vendo realmente ós personaxes más queridos e que máis tempo ocupan os seus sonos ó longo de todo o ano.

Envoltos nunha gran aclamación, as SS.MM. os Reis Magos de Oriente fixeron a súa entrada na carballeira de Santa Minia montados en elegantes caballos os que guiaban das rendas os dílxentes paxes.

Despois de facerlle a ofrenda ó Neno Xesús que, acompañado da súa nai, a Virxe María, e máis de seu pai, San Xosé, esperábaos na porta do Concello, as SS.MM. subiron ó palco da carballeira onde recibiron a benvinda que lles dirixiu o Sr. alcalde, Luis García, e maila rondalla do Concello.

Logo deste obrigado ceremonial de benvida dispensando ós Reis Magos, sentáronse nos tronos á espera de escutar, neno a neno, as peticións de regalos

asaltaban á nosa cabeza cada vez que nos poñíamos a pensar como poderían os Reis visitar tódalas casas nunha soa noite. Tamén esta mesma "maxia" impidiunos sabe-lo porque de que nunca fósemos capaces de chegar a ver ós Reis cando estaban poñendo os xoguetes, a pesares dos esforzos por non quedar dormidos, ou despertar cando os sentísemos.

que esperan recibir das súas Maxestades.

Máis de dúas horas durou o desfile de nenos por xunto ós Reis que pacientemente escoitaron a todos e, ó parecer, polas noticias que temos, atenderon a case

tódalas peticións que lle fixeron os nenos de Brión.

Cando os Reis, cansos de tanta viaxe e de tanta ceremonia, se retiraron a descansar un pouquín mientras esperaban que os rapaces se foran para casa e se



Este ano, ademáis da cabalgada e da recepción que dispensaron as súas Maxestades os Reis de Oriente, na Casa da Cultura do Concello, os rapaces poideron participar nunha viaxe, tamén "máxica", ós países dos xigantes e dos ananos, pasando polo país do dragón.

quedasen dormidos e, así, logo, poder deixa-los regalos, tódolos nenos entraron na Casa da Cultura para participar nos xogos preparados polo Equipo de Intervención Cultural do Concello.

Xa de noite pecha, rematados tódolos xogos, os nenos, acompañados dos seus pais que esperaron pacientemente o fin de tódalas actividades, voltaron ás súas casas á espera da hora "máxica" en que, coma tódolos anos, cando o sono vence definitivamente os nosos esforzos por manternos despertos, prodúcese o máis maravilloso dos milagres en que, xunto ós zapatos de tódolos rapaces, os Reis Magos van depositando os regalos dos que foron merecedores polo seu comportamento ó longo do ano.

## Guías de xogos, xoguetes e libros

O Equipo de Intervención Socio-Educativa ven de lanzar unha tirada de 700 exemplares da "Guía Orientativa de Xogos, Xoguetes e Libros", distribuída por tódalas parroquias do Concello, coa idea de que lles serva ós pais e nais pra decidiren qué é máis aconseillable prós seus fillos de cara en principio, ás festas de Reis, mais tamén para cando lles teñan que mercar algo polo estilo.

Saliéntase na Guía como elemento fundamental, o papel que estes pais e nais han de cumpliren no xogo dos rapaces e rapazas, fomentándoo e propoñéndollellas cousas novas a facer, así coma se fai sinecapé na importancia que o xogo, que nos parece improductivo, ten no crecemento e na educación dos pequenos, moito más se significa que sexan eles os que fagan os seus propios xoguetes e xogos.

Amais, inclúe un apartado onde se fala de cómo o libro pode converterse nun xoguete, percurando promove-la lectura coma necesaria e divertida, útil tanto para coñecer o mundo coma pró maxin.




FIG. 3. Evacuación de excretas en zonas rurales. (Monografía de la O.M.S.)

## PROBLEMAS SANITARIOS DAS AUGAS NEGRAS NO MEDIO RURAL

TODOS SABEMOS QUE AS ALDEAS EN XENERAL REUNEN CONDICIONES MEDIOCRES DE SALUBRIDADE POR ASENTAR EN CHAN INADECUADO, POLA CONSTRUCCIÓN DEFICIENTE E A CONVIVENCIA CON ANIMAIS. A TODO ISTO HAI QUE SUMALA FALTA DE AGUA CORRENTE CON GARANTIAS DE POTABILIDADE, O MESMO QUE UN SISTEMA ADECUADO DE EVACUACION DAS EXCRETAS E DEMAIS AUGAS RESIDUAIS.

No que respecta á auga potable é tendo en conta que, salvo en casos contados onde a auga é tratada con cloro, como se fai en Pedrouzos-Brión, a maioría das traídas de auga de moitas aldeas, así como os pozos de casas particulares, a miúdo non reúnen as necesarias garantías sanitarias, debido a que non se teñen en conta unha serie de medidas hixiénicas como son as que fan referencia a distancia de protección que hai que deixar entre os pozos manantiais con respecto a fosas sépticas, esterqueiras e establos, esta distancia está fixada en trinta metros, tendo ademais que estar estas instalacións nunha situación máis baixa con respecto ós primeiros. Importante é saber no que fai respecto á fosa séptica e que a profundidade de ésta ten que estar de 1,5 m. a 3 m. por encima da

capa de auga freática que é o nivel das augas subterráneas.

Estas medidas explicanse porque os xérmenes nas materias fecais poden ser arrastradas ata 90 cm. en dirección horizontal polos líquidos que rezuman dos pozos negros, e desplazase hacia abajo ata tres metros en terreos secos, mentres que en pozos expostos a grandes chuvias poden alcanzar máis profundidade, avanzando ata chegar á capa freática desde onde se desplazan

**A maioria das traídas de auga, así como os pozos particulares, non reúnen as necesarias garantías sanitarias”**

ca auga subterránea ó largo dun cauce no que a súa anchura aumenta ata desaparecer gradualmente, co perigo de que se contaminen os pozos de auga de bebida.

Un antigo costume que se debe erradicar é o aproveitamento agrícola das augas negras, utilizando-as como abono no cultivo de verduras e hortalizas así como en calquera vexetal destinado ó consumo crudo.

O home é o reservorio da maioría das enfermidades que o poden destruir ou incapacitar. As súas excretas son un foco de infeccións que contaminan auga, mans, chan e, a través de moscas, alimentos como leite, verduras, pan, doces, etc. Destes alimentos contaminados ou directamente da auga, polas mans ou polo chan, pasan a un novo hóspede provocando no mesmo enfermidade ou incluso a morte.

A finalidade técnica da correcta evacuación das excretas é aillar éstas de modo que, mediante unha barreira de saneamiento, os axentes infecciosos non poidan pasar a un novo hóspede.

Existen varios métodos no medio rural de eliminar as excretas, podéndose agrupar en dous tipos de instalacións segundo exista auga corrente ou non.

### A.- Sen Arrastre de Auga.

Cando non existe auga corrente é necesario utilizar sistemas de eliminación de excretas sen arrastre de auga.

Nestes casos utilizase a *letrina sanitaria colocada sobre pozo negro*. Esta compõe de dúas partes:

—A Casetta con piso de formigón na que se coloca un asento ou caixón conectado directamente sobre o pozo. Debe ter unha ventilación adecuada.

### **Un antigo costume que se debe erradicar é o aproveitamento agrícola das augas negras"**

—O Pozo Negro. Consiste nun burato excavado no chan; a súa profundidade debe variar de acordo coa estructura do terreo e do número de persoas que o van a utilizar. Cando

principais sistemas de evacuación de excretas con arrastre de auga son:

**Pozo ou fosa absorbente.** Consiste nunha excavación na terra á que se levan desde a casa mediante tuberías as augas cloacais; éstas son absorbidas polas porosidades do terreo e incorporadas a el, pero como ó pozo chegan excretas sólidas e líquidas, acaba por encherse e despois dun tempo xa non absorbe, sendo necesario o seu vaciamiento cada pouco tempo.

**Pozo séptico ou fosa séptica.** É o más útil e satisfactorio dos métodos para vivendas individuais, pequenos grupos de casas, ou institucións situadas nas zonas rurais onde non chegan os sistemas de alcantarillado. En esencia unha fosa séptica é un pequeno tanque decantador que pode ser monocompartimental ou bicompartimental (fig. 1, 2 e 3); construído a

A fosa séptica non debe ser menor de 1,9 metros cúbicos para que o seu funcionamento poida ser largo sen ter que efectuar limpezas frecuentes. Cando están ben calculadas non é necesario limpialas máis que cada 2-3 anos para extraer las materias sólidas depositadas no fondo.

Unha variante da fosa séptica é o

### **Unha fosa séptica non debe ser menor de 1,9 metros cúbicos"**

tanque IMHOFF (nome do enxeñeiro alemán que o inventou), consta de unha doble cámara superposta de forma cónica; na cámara superior produzese a sedimentación e na inferior ten lugar a dixestión dos lodos.





FIG. 1. Fosa séptica de un compartimento

FIG. 2. Fosa séptica de dos compartimentos

O medio rural galego reúne unhas condicións naturais que favorecen a eliminación e depuración das augas residuais. Non embargantes, o aumento progresivo do consumo de auga, xunto coa

o pozo chega a encherse débese cerrar, quitarse a caseta, énchese con abundante cal e terra e déixase sen uso, abrindo un novo pozo noutro sitio.

### **A fosa séptica necesita un método complementario para eliminar las augas finales"**

#### **B.- Con Arrastre de Auga.**

Os sistemas de evacuación de excretas con arrastre de auga utilizanse naquelas vivendas rurais e urbáns que non teñen "alcantarillado". O problema que presenta é a eliminación final dos líquidos cloacais que se producen e que de ningún xeito se deben eliminar directamente nun curso de auga. Os

base de ladrillo ou formigón a onde chegan as augas cloacais procedentes da casa. A de un só compartimento ten dúas pantallas situadas a 20-30 cm. das paredes para evita-lo arrastre directo e facilita-la saída de gases como se aprecia na figura 1.

As augas cloacais son retidas na fosa séptica de un a tres días; durante ese tempo produzese a sedimentación, decantación de sólidos, a separación de graxas, é unha acción bacteriana anaerobia que transforma parte dos sólidos en gases, auga e material mineral estable.

A fosa séptica necesita un método complementario para eliminar las augas finales, que pode ser: un pozo absorbente (xa descrito), tuberías de infiltración colocadas debaixo da terra, filtros subterrâneos e por último a cloración.

canalización convencional a través das redes públicas de sumideros, está a urdir un tratamento das augas negras para evitar a ameaça cada vez maior da contaminación.

A comunicación dunha cámara ca outra faise por dúas regandixas circulares, unha situada na parte superior e outra na inferior. En 20-30

### **Cando as fosas están ben calculadas non é necesario limpialas máis que cada 2 ou 3 anos"**

días produzese a destrucción e licuefacción das materias almacenadas: A entrada no tanque faise por tuberías sumergidas e a saída por tuberías sifonadas.

O Tanque IMHOFF igual que a fosa séptica necesita un sistema último de eliminación dos líquidos que pueden ser los mismos que para ella.

PINTURA \* DECORACION

## SANTIAGO OTERO

TODO EN DROGUERIA

PAVIMENTOS - MOQUETAS  
PAPELES - MURALES  
CORCHO, ETC.

Rosalia de Castro, 14-bajo  
Teléfonos 563713-594449-884012

SANTIAGO

## Construccions

## FRAGA



Obras de Albañilería en xeral

BRION

Teléfono 887179

PANADERIA



## SERRAMITO

*Os Anxeles-Brión*

Tel. 88 31 55



## Adega

## «SANTA MINIA»

VINO RIBEIRO (Granel - Embotellado)

GASESOSAS

CERVEZAS

LAMIÑO - BRION

Telf. 887282

# PASATEMPOS

### SOPA DE LETRAS

Buscar en tódalas direccións posibles (arriba-abaixo; abajo-arriba; de esquerda a dereita; de dereita a esquerda; e en diagonal) os nomes de seis de árbores.

O R I E R E P S E N  
 B O R B I V X A F F  
 D L O R I E N I P O  
 I K E X O X G G T R  
 C I L L X V V D E I  
 S E A L E E X V I E  
 S V T I E T A C X V  
 C A R B A L L O O D  
 N A R E C L U T L I  
 O C D E M A R C A B

### CADRO MAXICO

Este cadro é moi parecido ó que aparecía no nº3 de ALTAMIRA. Nembargantes é bastante máis difícil de facer pois os números a poñer son os 16 primeiros, tamén sen repetir ningún, e as sumas horizontais, verticais ou en diagonal han de dar como resultado 34. Para axudarlle un pouco, dámosselle xa 4 números colocados.

Pode ter tamén outras soluciós, cambeando adecuadamente a colocación dos números.

			12
16			
		4	
	8		

### SOLUCIÓNS OS ANTERIORES PASATEMPOS

### SOPA DE LETRAS

R I S A B E S T A N T O  
 U N E F I N A R M U O M  
 S O P O R C O E A B L L  
 I M L A C E N X C I A A  
 B E O M I L U I A Y B S  
 E N S E R B E N V E A I  
 C O A R A I L A R A C R  
 E M B C E R I C L T E A  
 R R I O C O E L L O P E  
 R U A N A G E P U C A N  
 O R N A L V I S A O M O  
 N I E T O C A N I L A G

### CONTAS CURIOSAS

$0 \times 9 + 1 =$	1
$1 \times 9 + 2 =$	11
$12 \times 9 + 3 =$	111
$123 \times 9 + 4 =$	1.111
$1.234 \times 9 + 5 =$	11.111
$12.345 \times 9 + 6 =$	111.111
$123.456 \times 9 + 7 =$	1.111.111
$1.234.567 \times 9 + 8 =$	11.111.111
$12.345.678 \times 9 + 9 =$	111.111.111
$123.456.789 \times 9 + 10 =$	1.111.111.111

### A HERENCIA DO VIÑADOR

	barriles cheos	barriles amedoad	barriles valdeiros
Primer fillo	3	1	3
Segundo fillo	2	3	2
Terceiro fillo	2	3	2



AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-19  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje



NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletones e carne á brasa
- Viños a eleixir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA




Carpintería - Móbles - Electrodomésticos  
Tel. 88 33 33 - BASTAVALES BRION  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL



AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

## Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:  
BASTAVALES

SANTIAGO



## Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

## FERRETERIA "SANTA MINIA"



Teléfono 88 30 10

## José Caramés Brión (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,  
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,  
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,  
Traídas de Auga, etc.



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSIÓN  
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPUESTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS



## Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES

SANTIAGO

## ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

*CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCALINATAS*

## MATERIAIS DE CONSTRUCCION

### E. PEDRARES MATO



NINANS - LUAÑA  
Teléfono 89 99 74

## ASESORIA LABORAL Y FISCAL

### = FEYCA =

Seguros U.A.P.



Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109  
BERTAMIRANS - AMES

## EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N  
T<sup>º</sup> 981-888006 - APT<sup>º</sup> 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA



## Talleres

### P E D R A R E S

*Fabricación e venda de  
maquinaria agrícola e forestal*

VILAR - VICESO (BRION)  
Telf. para avisos: 899957

**Miele**  
**ordeño**

## COMAGRO

COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S.L.

INSTALACIONES DE ORDEÑO  
REPUESTOS - ACCESORIOS

CRUCE DOS ANXELES - BRION  
Teléfono 88 32 50

## MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimiento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez  
Mourentáns - Viceso (Brión)  
Teléfono 89 99 51

*Fanse presupostos sen compromiso*